


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

25-26 de novembro do 2023

## CRISTO REI DO UNIVERSO



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDE DE BENVIDA

♪ n° 3 *Unha xuntanza de amor*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para celebrar a nosa fe en comunidade e na compañía de Xesús a quen proclamamos Cristo Rei do Universo. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Neste último domingo do tempo litúrxico a igrexa remata o seu ciclo da vida de Xesús coa súa proclamación como peñor e cumio de toda a creación.

El é o noso rei, pero a súa realeza ven demostrada polas súas palabras e os seus feitos, que fomos lembrando ao longo do ano litúrxico.

O seu reino é o reino da xustiza, do amor e da paz. E neste reino soamente teñen cabida aquelas persoas que tratan de facer que a xustiza, o amor e a paz sexan unha realidade no mundo que vivimos.

O Reino de Xesús non se pode facer realidade mentres teñamos situacións como as que vemos nos refuxiados tirados, ou no nada que vale a vida en Palestina e Israel, ou na violencia silenciada en tantas mulleres, ou nos abusos. Para chegar ao Reino aínda hai moito que mellorar.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Comecemos a celebración atentos á nosa responsabilidade coas persoas que sofren o desamparo e abandono mentres nós vivimos comodamente, porque moitas veces vivimos alonxados da realidade e miramos para outro lado para non comprometernos e ter que dar a nosa opinión. Se en verdade queremos facer o Reino de Xesús na terra temos que pedir perdón:*

**Monitor/a**

➤ **Ti que es Rei amando a todos sen facer distincións, perdoa as nosas discriminacións**

**Señor, ten piedade de nós**

➤ **Ti que es Rei e convidas a todos a sentírmonos irmáns, perdoa os nosos odios e enfrontamentos**

**Cristo, ten piedade de nós**

➤ **Ti que es Rei facendo comunidade e acollendo a todos, perdoa as nosas desunións e egoísmos**

**Señor, ten piedade de nós**

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; doémonos ao saber que aínda temos moito no que facelo mellor. Temos que preguntarnos cal é a tarefa que Deus espera de nós.*

*(silenzio)*

Deus, noso Pai, no teu Fillo benquerido, Rei do universo, quixeches facer novas todas as cousas.

Fai que todas as criaturas, liberadas da escravitude do mal, proclamemos a túa gloria e cantemos sempre a túa louvanza.

Pedímoscho por Xesucristo, Rei na nosa vida, e que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *San Paulo na carta que hoxe lemos, móstranos a vitoria de Xesús e a súa unión co Pai.*

*Xesús, no Evanxeo, móstranos o xuízo de Deus e como seremos chamados a dar contas das nosas obras de amor cos irmáns: “tiveron fame, tiveron sede, foron refuxiados, faltoulles paz, ...”.*

*Podemos pensar : e eu en que o fixen ben?, e en que o podo facer mellor?.*

**LECTURA DA PRIMEIRA CARTA  
DE SAN PAULO AOS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

Cristo resucitou dos mortos, coma primicia dos que dormen. Porque xa que por un home entrou a morte, tamén por un home chegou a resurrección dos mortos. Igual que todos morren por Adam, así tamén por Cristo todos revivirán. Pero cada un no seu intre: primeiro, Cristo; logo, no Día da súa Vinda, os que sexan de Cristo; despois será a fin, cando lle entregue o Reino a Deus Pai, unha vez destruído todo Principado, toda Potestade e toda Dominación. Porque é necesario que El reine ata que poña a todos os seus inimigos por debaixo dos seus pés. A morte será o derradeiro inimigo destruído.

E cando lle teña todo sometido, entón tamén o propio Fillo se someterá a quen lle someteu a El todo: para que Deus sexa todo en todo.

**Palabra do Señor**

♪ *nº 50 Na tardiña baixa da vida*

SALMO

(en pé) Leccionario I A páx 287 Mt 25, 31-46 VANXEO

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO  
SEGUNDO MATEO**

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

Cando veña o Fillo do Home na súa gloria sentará no seu trono glorioso. Diante del xuntaranse todos os pobos; e separará uns dos outros. Entón dirá o Rei a uns:

"Vinde, benditos do meu Pai; recibide a herdanza do Reino preparado para vós desde a creación do mundo. Porque tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstesme; estiven espido e vestístesme; enfermo e visitástesme; estiven na cadea e viñéstesme ver".

Entón preguntaranlle os xustos:

"Señor, cando te vimos famento e che demos de comer; ou sedento e che demos de beber? Cando te vimos forasteiro e te acollemos; ou espido e te vestimos? Cando te vimos enfermo ou na cadea e te visitamos?"

O rei contestaralles:

"Asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos fixéstelo comigo".

E diralles logo aos outros:

"Arredade de min, malditos, porque tiven fame e non me destes de comer; tiven sede e non me destes de beber; fun forasteiro e non me acollestes; estiven espido e non me vestistes; enfermo e na cadea e non me visitastes".

Eles replicaranlle:

"Señor, cando te vimos famento ou sedento, forasteiro ou espido, enfermo ou na cadea e non che acudimos?"

El responderalles:

"Asegúrovos que canto deixastes de facerlle a un destes máis pequenos, deixastes de mo facer a min".

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



O evanxeo de hoxe é toda unha escola da vida. Estamos moi acostumados a mirar polo que nos atinxe a nós, pero con Xesús estamos convidados a abrir a mirada.

Que ten fame, e de que?,  
Quen ten sede e de que?:

- Tena o vello que vive só,

tena a nai que ten que criar a soas ao fillo, tena o que busca traballo cada día, tena a terra e a natureza maltratada, tena o mozo que non sabe a que adicará a súa vida, tena o que vive nun rural demasiado esquecido, tena a muller que espera agarimo e respecto e non violencia, tena cada neno e cada nena de Palestina e Israel, ...

En que o podo facer mellor, con quen o podo facer mellor?

(en pé)

### PROFESIÓN DA FE

**Celebrante** Neste encontro parroquial queremos formar parte do Reino de Deus e por iso damos resposta coa nosa fe dicindo:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Monitor/a:**

Crede en Deus Pai e Nai,  
que nos enche do seu amor para facelo realidade nos esquecidos e empobrecidos?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús,  
que nos convida a vivir mirando sempre polos demais, cos ollos cheos da tenrura e do agarimo?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo  
que alenta a colaborar construíndo unha sociedade que se preocupa dos famentos, dos sen casa, dos enfermos, dos cansos, dos sen paz?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa,  
comunidade que necesita das nosas mans, dos nosos esforzos, para sermos cribles ao procurar irmandade: co refuxiado abandonado, coa muller maltratada, co rural esquecido, cos que en Palestina e Israel non contan para ninguén?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Por medio de Cristo, Rei do universo, presentemos a Deus Pai as necesidades do mundo enteiro dicindo con fe:*

**Cristo, Rei do universo, escóitanos**

**Monitor/a**

- ✓ Cristo, Rei do universo, concédenos como igrexa seguir facendo realidade o evanxeo nas palabras e nos feitos que falan de caridade, oremos
- ✓ Cristo, Rei do universo, que rexeitas calquera outro poder que non sexa o do amor, maniféstalle aos que sofren e aos sinxelos que estás sempre do seu lado, oremos
- ✓ Cristo, Rei do universo, que reinas no corazón das persoas, concédenos a todos vivir construíndo o teu reino de paz, que tanto necesitamos, oremos
- ✓ Cristo, Rei do universo, aléntanos no esforzo por facer da humanidade un lugar no que todas as persoas sexan tratadas con dignidade, oremos
- ✓ Cristo, Rei do Universo, fai que no respecto por cada vida se vaia facendo mellor na loita contra os abusos, e se vaia facendo mellor nas terras de Israel e Palestina. Oremos

**Celebrante:** *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a facelo mellor. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *A Deus Pai presentámoslle agora a nosa oración como nos ensinou Xesús, Rei do Universo, louvando, pedindo e agradecendo:*

*NOSO PAI ...*



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** *Todos somos capaces de mirar polos demais, somos capaces de poñernos no lugar dos outros. Na tardiña baixa da vida han examinarnos de canto fomos capaces de amar, se demos de comer, se acollemos, se visitamos. Cada vez que o fixemos fixémolos co mesmo Cristo.*

*As nosas mans tendidas uns para os outros son a nosa mellor maneira de facer cribles os camiños da paz, que agora nos damos.*

🎵 **Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** *Xesús, Rei do Universo, convídanos a construír o seu Reino xa aquí na terra, o seu Reino de xustiza, de amor e de paz, compartido por todos, sen distincións de persoas e vivindo conforme ao Evanxeo. Sintámonos ditosos por estar convidados e por poder participar nesta mesa do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

🎵 n° 48 *O pouco que Deus nos dá*

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, nesta celebración, déchesnos o pan da vida do teu Fillo.

A nós, que temos a honra de seguir os pasos de Cristo, Rei do Universo, concédenos vivir eternamente con El no reino dos benaventurados que saben amar en verdade.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

*Xesús, confiando no Pai, deu a Vida e amosounos que o seu Reino de amor, xustiza e paz é agora a nosa responsabilidade.*


*As palabras coas que hoxe temos rezado fanse vivas na tolerancia, no respecto, na igualdade e na loita contra a violencia de xénero.*

*Con Xesús, deámoslle unha man ás persoas e aos pobos que soñan con un mundo mellor, con un Reino de Deus, con un mundo en paz. Necesítámolo.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

*Podémonos ir en paz*



*"¡Tiven fame e déstesme de comer, ... Cando te vimos famento e che demos de comer?.. Cada vez que o fixestes con alguén, fixéstelo comigo."*

*Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.*